



III o órgano da Igrexa da Universidade, doutra maneira

USC VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMACIÓN 2010...

Igrexa da Universidade 20:30 horas

RESONET

Festa barroca

13 de outubro

MICHAEL BEHRINGER E MARCO AMBROSINI

Ás teclas! (entre a improvisación e o virtuosismo)

Órgano, gaita renacentista,
frauta harmónica e nyckelharpa

19 de outubro

RECITAL DE POESÍA

Marilar Aleixandre

Ana Romaní

Dores Tembrás

Eva Veiga

Martina Schobersberger e Daniel Oman

Órgano, guitarra eléctrica e música por computador

26 de outubro



O órgano da Igrexa da Universidade, doutra maneira volta unha edición máis, ofrecendo a súa particular visión da música para órgano e dos repertorios e sonoridades por descubrir tras este imponente instrumento, que ten un dos seus más valiosos exemplares depositado na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela.

Na liña xa iniciada nas anteriores edicións, a programación do ciclo promete variedade e singularidade de contidos sen perder un sólido concepto de base, así coma un elevado nivel de calidade na execución dos programas.

Nesta terceira edición o ciclo propón un achegamento ao órgano dende a súa propia esencia barroca nun xogo de luces e sombras, de desequilibrios e contrastes que servirán de pretexto para asistir a unha "festa barroca" ambientada para a ocasión.

Nesa mesma idea de festa propoñemos, ademais, un programa de danza para unha singular combinación instrumental: órgano e *nyckelharpa*, un instrumento propio das culturas populares nórdicas. Un programa no que terá, novamente, un papel esencial a improvisación, sempre tan vencellada ao bo facer dos organistas.

Tamén na liña de pasadas edicións, o programa orientase cara outras disciplinas artísticas, neste caso, á literatura, da man dalgunha das más destacadas figuras da nosa poesía contemporánea, nun recital no que a música estará presente a través dunha singular simbiose instrumental, o órgano e a música electrónica.

En definitiva, tres actividades para disfrutar da música, do órgano e do espazo da igrexa da Universidade, doutra maneira.



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

Organiza: Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura e Sociedade da USC

Idea, producción e dirección artística: | ||| SIRGO TORCENDO

Colabora: Asociación Panda de RR.LL.

Imaxe e comunicación: mirame mira



RESONET DIVINOS TONOS

Motetes, danzas, xoguetes e tocatas
na festa barroca

13 de outubro, 20:30h

Mercedes Hernández, soprano
Alexandra Nigito, órgano
Paulo González, frautas
Arquímedes Artal, viola da gamba
Carlos Castro, percusión
Pablo Carpintero, gaita
Obradoiro de Música Tradicional Ultreia, danza

Fernando Reyes, tiorba, guitarra barroca. Dirección

O grupo Resonet presenta a estrea dun novo proxecto, que pretende abrir unha pequena ventá ao aínda descoñecido mundo da festa barroca ibérica. Para elo, recreará neste concerto o ambiente que debeu caracterizar unha festa relixiosa barroca, recorrido a xoguetes de fogo, paxaros sonoros, danzas e sons de batalla e, por suposto, a "divinos tonos" cantados pola soprano Mercedes Hernández, pezas instrumentais ao órgano, así como ao baile, a cargo de dous bailaríns do grupo tradicional Ultreia. O programa acompañarase da necesaria forma dramatúrxica que permita impresionar aos oíntes no plano emotivo, espacial e, naturalmente, sonoro. Un programa que recrea, en suma, a esencia do Barroco.

ÁS TECLAS!

Entre a improvisación e o virtuosismo.

19 de outubro, 20:30h

Marco Ambrosini, gaita renacentista,
frauta harmónica e *nyckelharpa*
Michael Behringer, órgano



Un programa de danzas europeas dos séculos XVI, XVII e XVIII, interpretado ao órgano por Michael Behringer e polo polifacético Marco Ambrosini, que o acompañará cunha gaita renacentista, segundo modelo de Michael Praetorius, unha frauta harmónica e unha viola de amor de chaves (*nyckelharpa*), instrumento de orixe medieval que era tocado en países como Suecia, Dinamarca, Alemaña, Austria e Italia, segundo se deduce de diversas fontes iconográficas, e que hoxe só permanece vivo na música popular sueca. Ambos os dous músicos farán mostra da arte da improvisación e da glosa (variación), dando renda solta a un virtuosismo rigoroso para unha combinación instrumental diferente, nun programa fesco e festivo.



RECITAL DE POESÍA

Do máis fondo do silencio, saen voces

26 de outubro, 20:30h

Marilar Aleixandre
Ana Romaní
Dores Tembrás
Eva Veiga

Presenta: Teresa Seara

Martina Schobersberger, órgano
Daniel Oman, guitarra eléctrica e música por computador

A programación do ciclo apostou nesta edición, como nas anteriores, pola interdisciplinariedade. Desta volta contamos para elo coa colaboración da Asociación Panda de RR. LL., que desde hai xa case nove anos ven organizando un recital de poesía na cidade da Coruña, con dúas convocatorias anuais, recital polo que teñen pasado algunha das figuras más relevantes da poesía contemporánea galega (Manuel María, Luisa Villalta, Pilar Pallarés, Rafa Villar, Miguel Anxo Fernán Vello, Francisco Fernández Naval, Yolanda Castaño...). O recital trasládase, para a ocasión, á Igrexa da Compañía e terá, como convidadas de excepción, a catro poetas que farán un repaso polo máis interesante e actual da súa obra.

Ademais, como trasfondo musical, contaremos con Martina e Daniel, dous músicos xa coñecidos no ciclo, que estrearán obras compostas para a ocasión, polos compositores austriacos Rudolf Jungwirth e Thomas Mandel.

